

# NORMATIVA COPA GALEGA DE WATER-POLO

Tempada 2007 - 2008 - Circular 07-34

Establécense as seguintes competicións:

COPA GALEGA ABSOLUTA MASCULINA

COPA GALEGA ABSOLUTA FEMININA

COPA GALEGA XUVENIL

## 1.- Inscripcións

1.1.- A participación está aberta a todos os clubs afiliados á FEGAN con licenzas en vigor e que se inscriban no prazo establecido.

1.2.- Os equipos inscribíranse na FEGAN 15 días antes da data de celebración do Torneo, debendo remitir o modelo do ANEXO debidamente cuberto.

1.3.- Os emparellamentos decidíranse por sorteo puro entre os equipos participantes.

1.4.- Presentación para os partidos: 30 minutos antes da hora fixada para o comezo dos partidos, a piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes. Os delegados de cada equipo, que deberán estar en posesión da Licenza Deportiva en vigor para a tempada, deberán entregar na secretaría da competición a relación de licenzas dos deportistas que van participar, e que estará en poder da devandita Secretaría ata que os Árbitros do partido dean por finalizado o mesmo e as actuacións que consideren oportunas.

## 2.- Fórmula de competición

### 2.1.- Copa Galega Absoluta Masculina

2.1.1.- Celebraranse nunha única fase composta polos oito equipos que participan na Liga Absoluta Masculina. Se xogará un partido cada hora, comezando ás 09:00 horas e rematando ás 20:00 horas.

2.1.2.- Todas as eliminatorias celebraranse a un só partido de 4 tempos de 6 minutos con 2 minutos de descanso entre cuartos. En caso de empate xogarase unha prórroga de 3 minutos. De persistir o empate, procederase ao lanzamento de 5 penaltis. O sorteo dos emparellamentos será con antelación na sede da FEGAN. O equipo anfitrión xogará o primeiro partido ás 9:00 horas.

2.1.3.- Os catro equipos gañadores dos enfrontamentos de cuartos de final disputarán os postos 1<sup>º</sup> a 4<sup>º</sup>, e os catro equipos perdedores, disputarán os postos 5<sup>º</sup> a 8<sup>º</sup>, polo que todos os equipos disputarán 3 partidos.

	1/2 FINAL	1/4 FINAL	1ª ROLDA PERDEDORES	
		9:00		
	14:00		13:00	
<b>FINAL</b>		10:00		<b>5º-6º</b>
20:00				18:00
19:00		11:00		17:00
<b>3º-4º</b>	16:00		15:00	<b>7º-8º</b>
		12:00		

## 2.2.- Copa Galega Xuvenil

2.2.1.- Celebrarase unha fase final entre os catro primeiros clasificados na primeira volta da liga con semifinais pola mañá e terceiro e cuarto posto e final polo serán.

Mañá:

Semifinal A: 1º - 4º

Semifinal B: 2º - 3º

Tarde:

3º -4º posto: perdedor semifinal A - perdedor semifinal B

Final: gañador semifinal A - gañador semifinal B

### 2.2.2. Composición das semifinais

Fase Final	
1ª Semifinal	(A) 1º - 4º
2ª Semifinal	(B) 2º - 3º
	Vencedor (A) – Vencedor (B)

2.3.- Copa Galega Absoluta Feminina. Organizarase unicamente no caso de que houberse equipos interesados na súa celebración inscribíndose directamente na FEGAN. A organización do xogo comunicárase oportunamente.

## 3.- Calendario e horarios

3.1.- A competición celebrarase ao finalizar a primeira volta da Liga Galega

3.2.- Terase en conta para o inicio dos partidos o especificado no punto 1.4. da presente normativa. O tempo de cortesía, por se houberse atraso dalgún dos participantes, será de 30 minutos contados a partir da hora de comezo sinalada.

## 4.- Obrigas dos equipos

4.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

4.2.- O equipo anfitrión deberá dispoñer de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigas que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

## 5.- Trofeos

5.1.- Entregarase un trofeo ao equipo campión de cada unha das categorías, e na Copa Absoluta, trofeo de participación a os demais equipos participantes.

A Coruña, 9 de xaneiro de 2007

Secretaría Xeral FEGAN

Anexo:

**Copa Galega De Wáter-Polo**  
**Formulario de inscrición -Tempada 2007 - 2008**

Club / Equipo :

Nome persoa de contacto:

Indicar a categoría na que se inscribe:

ABSOLUTA MASCULINA	ABSOLUTA FEMININA
XUVENIL MASCULINA	INFANTIL

**DEPORTISTAS**

	Apelidos	Nome	Data Nacement	Nº Licenza
1.				
2.				
3.				
4.				
5.				
6.				
7...				
8.				
9.				
10.				
11.				
12.				
13.				
14.				
15.				
16.				
17.				
18.				
19.				
20.				

**TÉCNICOS**

	Apelidos	Nome		Nº Licenza
1.				
2.				
3.				

**DIRECTIVOS / DELEGADOS**

	Apelidos	Nome		Nº Licenza
1.				
2.				
3.				

CLUB: Sinatura e Selo

FEGAN